



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

O PINO

Aprobación final da Ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías municipais en relación coas operacións de corta e saca de madeira do Concello de O Pino

ANUNCIO

O pleno municipal, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2024, aprobou inicialmente a ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías municipais en relación coas operacións de corta e saca de madeira do concello de O Pino

Transcorrido o prazo de 30 días de exposición pública sen alegacións ao mesmo, considérase aprobado definitivamente e publícase integramente de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei reguladora das bases de réxime local, publicándose íntegramente o texto íntegro da ordenanza.

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA DO CONCELLO DE O PINO

A actividade madeireira ten moita importancia no concello de O Pino debido a que unha parte importante da superficie municipal está cuberta por especies forestais.

Esta ordenanza ten como obxectivo velar pola conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e desperfectos que se lles ocasiona como consecuencia das operacións de saca de madeira, que comprenden todas as operacións preparatorias da corta de madeira e as posteriores. Simultaneamente preténdese protexer ás persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais, para o que resulta imprescindible que as vías de acceso ás zonas forestais se encontren en perfecto estado. O uso dos camiños e das vías públicas municipais é un dereito dos veciños e mantelos en condicións óptimas esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do concello, tanto públicos como privados, xa que estas actividades causan danos e desperfectos nos camiños.

A ordenanza dítase ao abeiro do disposto nos artigos 25.2.d) e 27.3.b), 68.1, e 139 e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, da Lei de Bases de Réxime Local; o artigo 80.2. a), d), f) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia; os artigos 74 a 77, e concordantes, do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. Ademais, o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia e desenvolve a Lei de Estradas de Galicia, avala a capacidade do titular das estradas para exercer as facultades e prerrogativas que ostenta, entre elas a disposta no artigo 36 que lle permite impoñer de xeito motivado limitacións temporais ou permanentes á circulación en certos treitos daquela ou para determinados tipos de vehículos, nos supostos previstos na normativa en materia de circulación, e o artigo 47, que regula a posibilidade de someter ao deber de obter a correspondente autorización previa no caso de execución de obras, instalacións ou a realización de calquera outra actividade na zona de dominio público da estrada ou nas súas zonas de protección, correspóndelle á administración titular da estrada o seu outorgamento.

Neste sentido, esta ordenanza establece unha intervención e control municipal obrigatorio para a realización dos traballos referidos pola vinculación destes cun uso intensivo de vías municipais; as normas para a súa tramitación dun xeito áxil e simplificado; a imposición dunha caución, e os mecanismos sancionadores precisos para garantir o seu cumprimento.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.-Obxecto e finalidade

1. Consonte ao disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de O Pino establece a presente ordenanza reguladora das cortas forestais.

2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do uso dos camiños e vías públicas de titularidade municipal no exercicio da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria.

Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte, as operacións preparatorias da corta, os desprazamentos de vehículos e maquinaria, a construción de ramplas de acceso aos terreos, os depósitos de madeira, o transporte da madeira así como calquera outra relacionada coa actividade forestal.

Artigo 2.–Definicións.

1. Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

2. Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de O Pino que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

3. Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 3.–Ámbito de aplicación.

1. O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de O Pino, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza as talas puntuais de exemplares de árbores illadas, as podas e refaldes en plantacións forestais, o clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos, os traballos de roza e limpeza de predios, as talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie. Todo elo de acordó co establecido no artigo 5.5 desta ordenanza.

Título primeiro: réxime xurídico da comunicación previa das operacións de corta e saca de madeira

Artigo 4.–Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas municipais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións, que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da corta e saca de madeira en plantacións forestais deste concello cun volume estimado superior a 20 m³ ou cunha superficie catastral da parcela sobre a que se sitúe a que se vai a realizar a corte e saca superior a 600 m² que se produza neste termo municipal ou, producíndose a corta total ou parcialmente noutro termo municipal, cando a madeira sexa transportada, en todo ou en parte, por vías municipais do Concello.

2. A comunicación previa será efectuada pola persoa física ou xurídica responsable da corta a través do Rexistro de Entrada do Concello, en calquera das formas previstas no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, debendo constar nela os seguintes extremos:

a) Datos identificativos da empresa madeireira: denominación, número de NIF, enderezo, teléfono e nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa.

b) Especie de madeira/s obxecto da corta.

c) Superficie catastral da/s parcela/s na que se vai realizar a corta e volume de madeira que se prevé extraer.

d) Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia.

e) Identificación/s catastral descritiva e gráfica da/s finca/s ou monte/s afectado/s (polígono/s e parcela/s).

f) Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

g) Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga.

h) Estradas ou vías de comunicación que se pretenden utilizar para o transporte da madeira.

i) Vehículos e maquinaria a utilizar nas operacións de corta e saca:

j) Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira:

k) Copia da solicitude, comunicación, declaración ou permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente

l) Copia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

ll) Fianza ou garantía prestada na forma e contía establecidas no artigo 7 desta ordenanza

m) Xustificante acreditativo do pagamento da taxa administrativa pola tramitación de expedientes de comunicación previa por certificados e informes urbanísticos en xeral

3. A comunicación previa deberá presentarse, como mínimo, cun período de antelación de 15 días ao inicio dos traballos. Durante este prazo os servizos municipais poderán comprobar o estado inicial do viario que vai ser utilizado pola empresa, a existencia ou non nesas vías de servizos municipais soterrados que se deban protexer, etc. O Concello requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

4. A concesión poderá estar suxeita ás restricións temporais ou condicións técnicas motivadas que decida o Concello.

5. Non serán autorizables as comunicacións previas daquelas persoas, físicas ou xurídicas, que, como consecuencia de traballos anteriores, cometesen infraccións contra a presente ordenanza e estean pendentes de reparar danos ou de resarcir ao concello; aqueles que teñan pendente o pagamento dalgunha sanción recollida nesta ordenanza. Esta limitación faise extensiva a aquelas empresas que participasen nos traballos e sexan susceptibles de ser responsables do pagamento dos danos.

6. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m3 ou unha superficie máxima da parcela sobre a que se vai a realizar a corta e saca de 600 m2.

7. O Concello terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I.

Artigo 5.-Responsables.

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de O Pino velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

3. As empresas madeireiras, nas parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, cando a corta se faga a oito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 6.-Obrigacións.

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira.

8. A empresa madeireira deberá derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpezas e retiradas de residuos, por esixencias da seguridade vial, deberán realizarse de xeito inmediato ao obxecto de evitar accidentes de tráfico no vial público. Diariamente, cando a empresa madeireira remate as tarefas de limpeza, deberá avisar ao concello de xeito telefónico ou vía e-mail nos números e enderezos que se designen ao obxecto de que polos servizos municipais se poida levar a cabo a comprobación das mesmas. En caso de incumprimento das tarefas de limpeza, as mesmas serán realizadas de xeito inmediato polo concello e o custo será sufragado pola empresa madeireira a conta da fianza ou garantía depositada e/ou do seguro de responsabilidade civil así como por calquera outro medio admitido en dereito.

10. As reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 48 horas a partir da retirada da madeira. Transcorrido dito prazo, as reparacións serán realizadas polo concello e o custo será sufragado pola empresa madeireira a conta da fianza ou garantía depositada e/ou do seguro de responsabilidade civil así como por calquera outro medio admitido en dereito.

Artigo 7.-Fianza.

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza ou garantía en metálico na conta designada polo concello ou ben, mediante aval bancario en favor do concello segundo o modelo que figura no anexo II desta ordenanza, co obxecto de responderen diante das obrigas de limpeza e retirada de residuos non levadas a cabo diariamente e dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza.

Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establécense catro categorías:

1.1. Superficie catastral da parcela na que se vai a realizar a corta e saca inferior a 10.000 m²: 500,00 €.

1.2. Superficie catastral da parcela na que se vai a realizar a corta e saca de entre 10.001 e 20.000 m²: 1.500,00 €.

1.3. Superficie catastral da parcela na que se vai a realizar a corta e saca de entre 20.001 e 30.000 m²: 4.000,00 €.

1.4. Superficie catastral da parcela na que se vai a realizar a corta e saca superior a 30.000 m²: 6.000,00 €.

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, a superficie total da totalidade desas parcelas contiguas deberá sumarse, aos efectos do cálculo da fianza que se lle aplicará.

3. Para a súa admisión como garantía os avais deberán reunir las siguientes características:

a) O aval debe ser solidario respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e pagadeiro ao primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou entidades locais contratantes, e

b) O aval será de duración indefinida, permanecendo vixente ata que este concello, a cuxa disposición se constitúa resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a cancelación do aval.

c) As entidades avalistas deberán de cumprir os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD. 1098/2001, de 12 de outubro). O cumprimento destes requisitos acreditarase por declaración responsable da entidade avalista segundo o modelo que figura no anexo II desta ordenanza.

4. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completarase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de incumprimentos nas tarefas de limpeza, retirada de residuos e a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.

Artigo 8.-Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria.

1. Inmediatamente, no momento en que se producise o incumprimento nas obrigas de limpeza e retirada de residuos e se apreciase acumulación de restos procedentes das operacións de corta e saca de madeira, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza ou garantía, as operacións de limpeza e retirada de residuos procedentes das operacións de carga e almacenamento, sen prexuízo da sanción que proceda.

2. Transcorrido o prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza ou garantía, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.

3. Se os danos foren dunha contía superior ao da fianza ou garantía, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráselle ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial com cargo ao seguro de responsabilidade civil ou por calquera outro medio admitido en dereito. No caso de non ser atendido o dito requirimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.

Título segundo: infraccións e sancións Artigo 9.-Infraccións.

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

a) Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para iso polo Concello.

b) Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.

c) Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor superior a 6.000,00 €.

d) Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa

4. Son infraccións graves:

a) Non presentar o escrito de comunicación previa.

b) Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso.

c) Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou noutros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €.

d) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abran para acceso aos terreos forestais.

e) Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

5. Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

6.-As infraccións previstas na presente ordenanza prescribirán nos seguintes prazos:

a) as infraccións moi graves, aos tres anos.

b) as infraccións graves, aos dous anos.

c) as infraccións leves, aos seis meses.

7. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a infracción se tivera cometido.

8. Interromperá a prescrición a iniciación, co coñecemento da parte interesada, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable á parte presuntamente responsable.

Artigo 10.-Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

a) Infraccións leves: multa de ata 500,00 €.

b) Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 500,01 e 1.500,00 €.

c) Infraccións moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €

2. Gradación das sancións. Para a gradación das multas atenderase aos extremos seguintes:

1. °. Á natureza do risco ou dano ocasionado, considerando dano extremo dificultar e/ou impedir o tráfico normal de vehículos e persoas polas vías públicas municipais.

2. °. Á súa repercusión e transcendencia polo que respecta ó prexuízo causado.

3. °. Ao custo de restitución.

4. °. Á existencia de intencionalidade ou reiteración na comisión de infraccións a esta ordenanza.

5. °. Ao atraso inxustificado na reparación dos elementos danados.

Estes elementos serán avaliados en conxunto e segundo as circunstancias do caso, sen prelación, polo órgano instructor.

3. Estas sancións enténdense independentemente das medidas cautelares que poidan adoptarse.

4. As sancións previstas no artigo anterior prescribirán nos seguintes prazos:

a) as impostas por infraccións moi graves, aos tres anos.

b) as impostas por infraccións graves, aos dous anos.

c) as impostas por infraccións leves, ao ano.

5. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel no que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción, ou tivera transcorrido o prazo para recorrela.

6. Interromperá a prescrición o inicio, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel queda paralizado por máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

7. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O que requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto na normativa vixente para o exercicio da potestade sancionadora.

8. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

9. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

10. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

11. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

12. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía ou quen teña a competencia delegada.

Artigo 11.-Requirimentos.

Unha vez que o Concello coñeza o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirá á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sem necesidade de novas notificacións, á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas á persoa responsable.

Disposicións finais

1. A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

2. A Alcaldía queda facultada para ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I**MODELO COMUNICACIÓN PREVIA e POSTA EN COÑECEMENTO DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA COMUNICACIÓN PREVIA****DATOS IDENTIFICATIVOS DA EMPRESA MADEIREIRA**

- DENOMINACIÓN:
- NIF:
- ENDEREZO:
- TELÉFONOS FIXO e MÓBIL:
- ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO:
- NOME E APELIDOS DA/S PERSOA/S ENCARGADA/S OU RESPONSABLE/S DA EMPRESA:

DATOS DA PROPIEDAD FORESTAL:

- Especie/s de madeira/s obxecto da corta e saca:
- Superficie/s catastral da/s parcela/s na que se prevé realizar a corta e saca (m²):
- Volume total da madeira a extraer (m³):
- Nome da/s finca/s ou monte/s afectado/s, lugar ou sitio ou parroquia:
- Identificacións catastrais descritivas e gráficas da/s finca/s ou monte/s afectado/s – indicando polígono e parcela–:
- Data prevista do inicio:
- Data prevista da finalización:
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga:
- Estradas ou vías de comunicación que se pretenden utilizar para o transporte da madeira:
- Vehículos e maquinaria a utilizar nas operacións de corta e saca:
- Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira:

Documentación achegada (marque o que corresponda):

Copia da solicitude, comunicación, declaración ou permiso, autorización ou licenza de corta.

Copia do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar. Copia do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil. Xustificante acreditativo do depósito da fianza ou garantía.

Xustificante de pagamento da taxa pola tramitación de expedientes de comunicación previa,

Pino, de de 20 .

Asdo.:

ANEXO II**Modelo de aval**

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/plaza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA a:

(Nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto polo artigo 7 da ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA DO CONCELLO DE O PINO ante ese concello, por importe de: (en letra y en cifra) para responder das obrigas de limpeza e retirada de residuos non levadas a cabo diariamente e dos posibles danos non reparados voluntariamente nas seguintes operacións de corta e saca de madeira levadas a cabo nese termo municipal:

- Nome da/s finca/s ou monte/s afectado/s, lugar ou sitio ou parroquia.
- Identificacións catastrais descritivas e gráficas da/s finca/s ou monte/s afectado/s – indicando polígono e parcela–.
- Especie/s de madeira/s obxecto da corta e saca.
- Superficie/s catastral da/s parcela/s na que se prevé realizar a corta e saca (m²).
- Volume total da madeira a extraer (m³).
- Data prevista do inicio.
- Data prevista da finalización.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD. 1098/2001, do 12 de outubro).

Este aval se outorga solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións Públicas, con suxeición aos termos previstos na ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA DO CONCELLO DE O PINO e demais normativa aplicable así como na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de O Pino autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido na ordenanza municipal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de corta e saca de madeira do Concello de O Pino e demais normativa aplicable.

(Lugar e data)

(razón social da entidade) (sinatura dos apoderados)

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.G.D. OU ABOGACÍA DEL ESTADO

Provincia

Fecha

Número o código

O Pino, 28 de febreiro de 2025

O alcalde, Manuel Taboada Vigo

2025/1412